

SER E ESTAR EN TODOS OS LUGARES DO MUNDO

Por Carmen Blanco

*A meu pai, que me ensinou a amar o lugar.
A miña nai, que me dixo cómo era.
A meus irmáns, que viven en distintos lugares.
A meu compañeiro, polos lugares compartidos.
A miña filla, para que sempre teña lugar.*

*Galicia, ti non tésh patria
Ti vives no mundo soya*
Rosalía de Castro

estranxeira n'a sua patria
Rosalía de Castro

Teño horror da patria
Arthur Rimbaud

Vin o inferno das mulleres alá abaixo
Arthur Rimbaud

¿sempre será así a miña Galicia?
Ramón Otero Pedrayo

“¿Que significa para min a patria, sendo como son unha estraña?” (...)” (...) na miña condición de muller non teño patria. Na miña condición de muller non quero ter patria. Na miña condición de muller a miña patria é o mundo enteiro.” E se, despois de ter deixado falar á razón, queda aínda certo teimudo sentimento, certo amor a Inglaterra, verquido polo berro das choias pousadas no olmo, nos ouvidos infantís; polos rumores das ondas na praia; por voces inglesas murmurando cancións de berce, a estraña utilizará esa pinga de pura, aínda que irracional, emoción para dar primeiro a Inglaterra canto desexa de paz e liberdade para o mundo enteiro.
Virginia Woolf

a verdade é a fin e o amor o camiño
Mahatma Gandhi

alá
onde non hai estado, nin deus, nin poder
Claudio Rodríguez Fer

A soa Revolución válida é na que só se verque
o viño. Revolución sen sangue, nación sen morte.
María Lopo

Nin patria, nin matria: amor e sabedoría
Emma Luaces

Paz e poder

Paz. A paz é o camiño, dixo e demostrou Gandhi. Paz. Collamos o camiño. Porque como tamén el dicía, e segue sendo certo cada día, o mundo está ferido de morte pola súa política sanguinaria. É posible. A paz é posible. Para os individuos e para a humanidade. Aínda que pareza case imposible. Pero si. É posible. É posible propagar o pacifismo: o seu pensamento e a súa práctica. Levar a cabo a denuncia, coa razón, do horror das guerras. E actuar conforme ao principio pacífico tolstoiano da non-resistencia ao mal pola violencia, non respostando ao mal co mal, senón practicando os métodos da insumisión, da non-participación no poder, da obxección de conciencia, da resistencia pasiva, da non-violencia, da non-cooperación, da desobediencia civil, do silencio, da ausencia, da deslealdade ás falsas lealdades que tan ben expuxeron practicantes activos políticos e intelectuais como Gandhi, sempre Gandhi, e Virginia Woolf, tan esquecida nestes aspectos e sobre a que sempre e cada vez máis hai e haberá que volver. Porque nela, como en todos os anteriormente citados, está o futuro. Ou sexa, a paz.

Mais por todas partes hai poder, é dicir, opresión duns sobre outros. Por isto non hai liberdade real. E, como queremos a liberdade, sabemos que o poder debe ser destruído. Que se derrube polo seu propio peso por vía pacífica. Isto é posible interrompendo os seus círculos pechados e concéntricos de propagación. Porque o poder impónse esixindo submisión e mantense mediante o medo e o odio, contendo en si sempre unha guerra oculta que pode estoupar en calquera momento. Sen submisión, sen medo e sen odio o poder non é posible e a liberdade faise posible de inmediato. E así tamén a paz. Pois paz e liberdade son o mesmo e conviven. E non poden existir unha sen a outra.

Os horrores do poder podemos observalos en fenómenos recentes ou presentes como a guerra explícita de Irak, a guerra implícita de Euskadi, as manifestacións relixiosas en Afganistán, Irak ou na última visita do Papa a Madrid. Todos estes fenómenos evidencian como o patriotismo e a relixiosidade instituída son para os gobernantes o medio de conseguir a submisión servil dos gobernados. Fronte a estes feitos alimentados pola cegueira irracional é preciso erguer a luz da razón que pare o exercicio en espiral do poder e así poder establecer a racionalidade pacífica da palabra e do diálogo. Porque é preciso establecer o progreso contra o poder exercido con violencia explícita e implícita duns poucos sobre uns moitos, ou duns moitos sobre uns poucos ou duns moitos sobre unhas moitas. E así propagar a civilización da non-violencia do amor, é dicir, da cooperación e da fraternidade, para socavar por todas partes o poder e, polo tanto tamén, por unha das súas bases actuais máis fortes, o imperialismo do mercado internacional. Porque o poder é múltiple e policéntrico e ten moitas bases, entre elas a sexual e a colonial, contra as que veñen loitando dende hai tempo dous movementos sociais emerxentes nos pasados dous séculos: o movemento feminista e o movemento anticolonial, polo xeral autodenominado nacionalismo, non sen certo perigo de palabra e obra. Dous movementos confluíntes na problemática posta de relevo polo actual multiculturalismo. Imos velos máis polo miúdo, pois sen a asunción da verdade aberta que nos ensina o multiculturalismo a paz non é posible.

Contra o poder sexual e o poder colonial

Falar de feminismo, nacionalismo e multiculturalismo é para min facelo da loita contra o poder androcéntrico e contra o poder dos estados e das agrupacións patriarcais, imperialistas e colonialistas, dous poderes conformados na interdependencia de todos os

múltiples e polimorfos poderes que suxeitan e atan a liberdade humana dos diversos individuos e das diversas colectividades. É, polo tanto, falar contra a férrea rede de todos os múltiples e polimorfos poderes que suxeitan e atan a liberdade humana dos diversos individuos e das diversas colectividades. É, polo tanto, falar contra a férrea rede de todos estes poderes que xiran en torno ao complexo poder económico, de caste, estamento ou clase, segundo as distintas sociedades, un poder e uns poderes que capacitan a posesión de bens materiais e privilexios sociais. Pero falar de feminismo, nacionalismo e multiculturalismo será falar especialmente do poder sexual e dos seus impositivos sistemas de sexo-xénero-sexualidade-subxectividade, xeradores duns inhumanos modelos persoais canónicos, pechados e inamobibles, fronte a unha desexable diversidade humana na que fose posible toda a apertura e mobilidade da máis profunda liberdade das persoas e dos colectivos. Un poder sexual caracterizado pola visión unilateral do androcentrismo; pola proliferación dos odios propios da misoxinia e da xinfobia; polas loitas fraticidas da guerra dos sexos e da dialéctica sexual; pola imposición do patriarcado; polo imperio da androcracia e do sexismo; e pola dictadura da colonización sexual do falocentrismo, o logocentrismo e o falologocentrismo. E falar de feminismo, nacionalismo e multiculturalismo será falar tamén especialmente do que poderíamos chamar poder colonial, é dicir, o poder de etnia, nación ou estado. Un poder no que xoga un importantísimo papel a cultura entendida no seu amplo sentido antropolóxico, e, dentro dela, moi especialmente a relixión, pola súa función xerárquica e dogmática, conformadora dunha visión do mundo unívoca e prefixada, que nas súas manifestacións máis integristas e fanáticas manipula masas enfebrecidas que son capaces de facer calquera cousa terrible, pois creñe en posesión total da verdade absoluta e única, como sempre fai todo totalitarismo ideolóxico. Un poder colonial caracterizado pola visión unilateral do etnocentrismo; pola proliferación dos odios propios da xenofobia; polas loitas fraticidas das guerras entre tribos, nacións e estados; pola prepotencia apropiacionista das invasións de territorios; pola imposición do imperialismo; e polo imperio dictatorial da colonización.

Noutras palabras falar de feminismo, nacionalismo e multiculturalismo será falar contra a "doma e castración" dos corpos e das mentes humanas, será falar contra a "doma e castración" dos pobos e das distintas comunidades humanas uniterritoriais ou multiterritoriais. E facelo de ter un corpo e ser dun lugar e ter un corpo e estar nun lugar e poder ser e estar en todos os lugares do mundo en liberdade e en paz. Porque falar de feminismo, nacionalismo e multiculturalismo é facelo irremediabilmente contra as guerras atípicas de sexos que marcaron e marcan a intrahistoria e a historia cotiá dos pobos, guerras orixinadas no poder sexual, e éo tamén contra as guerras típicas que marcaron e marcan toda a historia humana por antonomasia, guerras orixinadas no poder colonial.

En suma, falar de feminismo, nacionalismo e multiculturalismo é falar de liberdade, igualdade e fraternidade, tres principios revolucionarios universais que aínda non se cumpriron en absoluto. É falar tamén, por suposto, pois é o mesmo, de xustiza para todas e para todos os habitantes do mundo. É falar tamén, pois tamén é o mesmo, de dereitos humanos universais plenamente asumidos e realizados. E é falar tamén de deixar discorrer libremente a diversidade da vida en actitude aberta, tolerante, flexible e dialogante.

E falando no sentido en que vimos falando podemos dicir, porque é verdade, que é o mesmo loitar contra o poder sexual que loitar contra o poder colonial, porque se se fai nun sentido revolucionario profundo ambas loitas son a mesma e conducen á mesma fin da liberdade, igualdade e fraternidade. Por isto podemos dicir que todo se resume na loita contra a dictadura do estado patriarcal, pola liberdade de todos os seres humanos que este estado suxeita e asoballa. Neste sentido dicía Virginia Woolf en *Three Guineas* que xa se podía queimar a palabra "feminismo" por caduca e sexista, porque as mulleres e os homes revolucionarios temos que loitar xuntos contra o poder sexual. E neste mesmo sentido digo eu que tamén se podería queimar a palabra "nacionalismo" por caduca e segregacionista, porque as persoas revolucionarias de todas as comunidades teñen que loitar xuntas contra o poder colonial, contra as fronteiras nacionais e máis alá dos estados e as bandeiras. Para que non haxa estados nin bandeiras. E se nos seus sentidos libertarios ambas palabras "feminismo" e "nacionalismo" aínda nos serven para entendernos poderíamos seguir usándoas, como, de feito, facemos. Pero, en nome da liberdade, igualdade e fraternidade, e, pola xustiza para todas as persoas e os pobos, rexeitaremos todo sexismo e, polo tanto, tamén o de signo feminino ou femia xerador de androfobia, como calquera contranacionalismo emanado dunha comunidade oprimida semellante e paralelo ou aínda peor ao do estado ou imperio opresor. Aínda que cómpre indicar que se ben o feminismo sexista cometeu algúns pequenos erros en nada é comparable historicamente, senón todo o contrario, ás mortes e mesmo aos xenocidios cometidos por certos reximes nacionalistas, aínda algúns que se proclamaban anticoloniais, pois é un dato incuestionable que, polo de agora e esperemos que así siga sendo, o movemento feminista foi historicamente un fenómeno pacífico e predominantemente pacifista¹. Nas loitas anticoloniais históricas que se rexían polo universalismo ou internacionalismo revolucionarios ergueuse o lema, fermoso en tantos sentidos, "con raíces, pero sen fronteiras", mesmo explicado baixo a forma libertaria "con raíces, porque as temos; pero sen fronteiras, porque non as queremos". É sen dúbida este un lema aberto a todas as liberdades do multiculturalismo, da libre manifestación das diversidade culturais dos distintos lugares do mundo, explícita nas súas palabras. Pero é tamén un lema aberto á libre circulación de ideas, coñecementos e saberes que leva implícita a idea de progreso e, polo tanto, a confrontación dialogal entre as distintas culturas, o seu intercambio e a súa modificación constante de acordo cos avances das ciencias e dos coñecementos humanos, acompasados cos avances na profundización da idea de liberdade e da praxe dunhas cada vez maiores liberdades reais, tanto persoais como colectivas. E así, por exemplo, o feminismo tería que dicir "con raíces, as que queremos; pero sen fronteiras, porque non as queremos". Porque o poder sexual é unha das raíces corruptas da construción cultural das nacións e dos estados. E as raíces corruptas arríncanse. Cómpre arrincalas.

Persoas libres e lugares libres con culturas libres é o principio e a fin da plena liberación humana. Un principio e unha fin que só se cumprirán dando e exercendo o dereito á liberdade e á independencia das persoas e das comunidades e propagando o amor e a sabedoría xa aquí e agora e en todo tempo e lugar. Persoas libres e lugares libres con culturas libres para que a vida sexa digna e para que ser e estar en todos os lugares do mundo sexa un pracer.

O meu lugar é Lugo, onde nacín e onde escollín vivir. Pero non desboto vivir noutro lugar se a vida me leva a vivir nel. Só importa poder vivir unha vida digna e que todos os lugares do mundo sexan dignos para vivir. E ambas dignidades implican as liberdades e os dereitos humanos de poder escoller o lugar para vivir e de poder escoller

as formas de vivir nel. É dicir, o dereito a ser e estar en todos os lugares do mundo en paz e liberdade.

NOTAS

1. Véxase o meu escrito "Marées indomables de personnes pacifiques", VV. AA. *Dones creadores de la mediterrània. Diàleg sobre la pau*, Institut Català de la Dona, Barcelona, 1999, pp. 100-105, e o meu libro *O contradiscurso das mulleres*, Nigra, Vigo, 1995.
